

MARZO 2011

ELAS SON ASÍ!!

MARZO 7 LOUISE/MICHEL de BENOÎT DELÉPINE e GUSTAVE KERVERN
(LOUISE/MICHEL)
FRANCIA; 2008, 94' COR V.O.S.C.

MARZO 14 MAMAN EST CHEZ LE COIFFEUR de LÉA POOL
(MAMÁ ESTÁ NO SALÓN DE PEITEADO)
CANADÁ; 2008, 97' COR V.O.S.C.

MARZO 21 ALLE ANDEREN de MAREN ADE
(ENTRE NÓS)
ALEMAÑA; 2009, 119' COR V.O.S.C.

MARZO 29 **MARTES**
FILME SORPRESA

**SALA DE CONFERENCIAS DO CENTRO CULTURAL DE
NOVACAIXAGALICIA ás 20:30 horas**

Colaboran:

**CONCELLARÍA DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DO
CONCELLO DE VIGO, NOVACAIXAGALICIA: OBRA SOCIAL E
FEDERACIÓN DE GALICIA DE CINECLUBS**

ELAS SON ASÍ!!

O 8 DE MARZO NO MUNDO

A orixe desta data remóntase a 1910, cando na Casa do Pobo, en Copenhague (Dinamarca) -durante a 2º Conferencia Mundial de Mulleres Socialistas- a suxestión de Clara Zetkin, integrante do Sindicato Internacional de Obreiras da Confección, propónse celebrar anualmente un día de acción internacional polos dereitos de paz e progreso social de todas as mulleres.

En 1911 celébrase por primeira vez en Alemaña, Austria, Dinamarca e Suíza. Posteriormente, na década dos 30, comézase a celebrar nalgúns países de Europa e en América Latina. Pero é no ano 1952 cando a Organización das Nacións Unidas institúe o 8 de marzo como o Día Internacional da Muller.

En 1975 as Nacións Unidas decreta ese ano como o Ano Internacional da Muller, dando gran pulo ás loitas polos dereitos das mulleres. Dous anos despois, en 1977, a Organización das Nacións Unidas aproba a resolución 37/142 na que se invitaba a todos os Estados a que proclamen, de acordo ás súas tradicións históricas e costumes nacionais, un día ao ano como Día das Nacións Unidas para os Dereitos da Muller e a Paz Internacional.

Nós, o celebramos con este ciclo que, esperamos, gocedes!!

MARZO
7

LOUISE/MICHEL
(LOUISE/MICHEL)
FRANCIA; 2008

Ficha técnica

|||||
Dirección e Guión: Benoît Delépine
e gustave kervern
Fotografía: Hugues Poulain
Montaxe: Stéphanie Elmadjian
Música: Gaëtan Roussel
Duración:94 minutos
COR. V.O.S.C.

Ficha artística

|||||
Yolande Moreau
Bouli Lanners
Benoît Poelvoorde
Albert Dupontel

*PREMIO AO MELLOR GUIÓN NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE SAN SEBASTIÁN, 2008

*PREMIO ESPECIAL DO XURADO AO MELLOR GUIÓN ORIXINAL NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE SUNDANCE, 2009

SINOPSE

Unha mañá, as traballadoras dunha fábrica descubren que, durante a noite, a empresa ten liquidado todo e que a dirección, cómplice da operación, fuxiu sen deixar rastro. Escandalizadas, pero realistas, deciden facer un fondo común coas ridículas indemnizacións para reorganizarse. Considéranse varias propostas até que Louise, a máis radical de todas, quere contratar a un asasino e matar o antigo patrón!

BENOÎT DELÉPINE

Director, actor e guionista francés nado en 1958. Iníciase na profesión como actor para series de televisión, longas e curtametraxes en 1974. No ano 1987 dá o salto como guionista para series de televisión e curtametraxes até o 2004 que, xunto a Gustave Kervern, escribe e dirixe varias longametraxes: *Aaltra* (2004), *Avida* (2006) e *Mammuth* (2010). *Basta! xa* (2010), codirixido con Sebastian Rost é o seu último traballo como realizador

GUSTAVE KERVERN

Director, actor e guionista francés nado en 1962. Cursa estudos no Conservatorio Superior de Música de Marsella. Trasládase a París co desexo de seguir na música, pero iníciase traballando na difusión audiovisual de Investigación de Opinión Patrick Sabatier. Máis tarde traballa en Canal Plus como o columnista de O Iván Bolloc'h e Bruno Solo na televisión. De 1993 a 1994 exerce como cronista para TF1. No ano 1996 iníciase como actor para series de televisión *Baixos fondos* e *ni à vendre ni à louer* (2010), son os seus últimos traballos como actor.

Xunto a Benoît Delépine, escribe e dirixe as longametraxes: *Aaltra* (2004), *Avida* (2006) e *Mammuth* (2010).

**MARZO
14**

**MAMAN EST CHEZ LE COIFFEUR
(MAMÁ ESTÁ NO SALÓN DE PEITEADO
CANADÁ; 2008**

Ficha técnica

|||||
Dirección: Léa Pool
Guión: Isabelle Hébert
Fotografía: Daniel Jobin
Montaxe: Dominique Fortin
Música: Laurent Eyquem
Duración: 97 minutos
COR. V.O.S.C.

Ficha artística

|||||
Céline Bonnier
Marianne Fortier
ÉlieDupuis
Laurent Lucas

*GANADORA DO PREMIO *JUTRA*, Ó FILME MÁIS PRESTIGIOSO FÓRA DE QUEBEC, 2009

*PREMIO Á MELLOR ACTRIZ, MARIANNE FORTIER, NUN FILME CANDIENSE, OUTORGADO POLOS CRÍTICOS DE CINE DE VANCOUVER, 2009

SINOPSE

É verán, tempo de gozar das vacacións en liberdade, de correr polos campos e de rir cos amigos. Pero, Élise, é testemuña de como o abandono repentino da súa nai trastorna completamente á familia.

LÉA POOL

Directora, montadora, actriz, produtora e guionista, nada en Xenebra, en 1950, aínda que reside en Canadá. Iníciase como cineasta coas curtametraxes documentais *Laurent Lamerre, portier* (1978) e *Strass Café* (1980). Debuta na longametraxe con *La femme de l'hôtel* 1984. Logo viñeron: *Anne Trister* (1986), *À corps perdu* (1988), *Hotel Chronicles* (1990), *A señorita salvaxe* (1991), *Mouvements du désir* (1994), *Gabrielle Roy* (1998), *Emporte-moi* (1999), *O último suspiro* (2001), *Na busca dun soño* (2004). *La dernière fugue* (2010), é até o momento o seu último traballo. Unha muller prolífica e á que lle gusta traballar de xeito indistinto a ficción e o documental ao longo de todos esta anos.

Neste filme a guionista e directora compartiron unhas vivencias parecidas e que experimentaron na propia pel durante tres anos das súas infancias. “Que unha muller abandone ós fillos, aínda queréndoos, segue a ser un tema tabú, explica a cineasta”. “Faise duro e complicado xustificar algo así, e máis nos anos 60. O que máis me interesaba, é a ollada da guionista: o filme cóntase dende o punto de vista dos cativos. Soamente comprendemos o drama dos pais a través do que comprenden os fillos”.

**MARZO
21**

**ALLE ANDEREN
(ENTRE NÓS)
ALEMAÑA; 2009**

Ficha técnica

|||||
Dirección e Guión: Alle anderen
Fotografía: Bernhard Keller
Montaxe: Heike Parplies
Duración: 1119 minutos
COR. V.O.S.C.

Ficha artística

|||||
Birgit Minichmayr
Lars Eidinger
Hans-Jochen Wagner
Nicole Marischka

***OSO DE PRATA DO XURADO AO MELLOR FILME E Á MELLOR ACTRIZ (BIRGIT MINICHMAYR), NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE BERLÍN, 2009**

SINOPSE

Retrato íntimo dunha parella no que se reflicte a incapacidade de poder ser eles mesmos se non están sós: os seus rituais, as súas parvadas ou os seus soños incumpridos... Sen embargo, o encontro con outra parella, aparentemente máis exitosa, vai desestabilizar o equilibrio que existía entre eles.

MAREN ADE

Directora, guionista e produtora, nada en 1976, en Karlsruhe, Alemaña. O seu interese polo cine vén dos seus días na escola, indo ao cine e usando a súa cámara super 8 para facer a súa primeira curtametraxe de media hora con amigos sobre unha nena que non quería falar. Ao rematar os seus estudos, traballa varios meses como pasante en *Claussen+Woebke Filmproduktion*, en Munich. No 2000 escribe o guión e dirixe a curtametraxe *Ebene 9*, coa que acada o Premio do Xurado no Hof Film Festival. Nese ano, xunto coa compañeira de estudos Janine Jackowski, fundan a produtora *Komplizen Film*. Con ela produce até o de agora todos os seus filmes e algúns doutros directores. No 2001 filmou *Vegas*, tamén premiada no mesmo festival. No 2003 dirixe a súa primeira longametraxe *The forest of the trees*, gañadora tamén do Premio de Hof, ademais de percorrer outros festivais internacionais como Toronto 2004, e Sundance 2005, onde acadou o Premio Especial do Xurado.

O seu último traballo é a produción de *Schlafkrankheit* (2011).

MARZO
29MARTES
20:30h

FILME SORPRESA

Co novo ano dámos inicio a esta idea que, esperamos, sexa do voso agrado. Serán filmes de rigorosa estrea que están a formar parte da programación dos mellores festivais de cine do mundo.

Se por calquera motivo, unha vez iniciada a proxección alguén decide saír, poderá facelo durante os primeiros 15 minutos do filme e, devolveráselle o importe da cota abonada.

COLABORACIÓNS

*Este mes a **ALIANZA FRANCESA** proxecta un ciclo dedicado a **LOUIS MALLE**: Xoves, 3 de marzo, **ZAZIE DANS LE MÉTRO**; Venres, 4 de marzo, **UN SOPLO NO CORAZÓN**; Xoves, 10 de marzo, **LACOMBE LUCIEN**; Xoves, 17 de marzo, **ADIÓS MOZOS**; Mércores, 23 de marzo, **MILOU EN MAYO**. Será na **SALA DE CONFERENCIAS DO CENTRO CULTURAL DE NOVACAIXAGALICIA**, ás **20:30 horas**. As entradas só poderán mercarse na sede da **ALIANZA FRANCESA** de Vigo: rúa República Argentina 22. Tlf. 986 43 61 09.

*Grazas ao acordo coas librerías **LIBROURO** (rúa Eduardo Iglesias, núm. 12) e **PLAXIO**, (rúa Príncipe, nº 54, no MARCO) todas as persoas asociadas terán un desconto do 5% nas compras logo da presentación do carné.

*Non se permitirá o acceso ao auditorio unha vez comezada a proxección.

CINECLUBE LUMIÈRE DE VIGO

Rúa Doutor Cadaval 33, 4ªA - 36202 Vigo - Telf. 22 09 10
Apartado de Correos, 190 - 36200 Vigo
<http://www.lumierevigo.com>
lumierevigo@gmail.com

PREZOS

Cota anual soci@:	15 euros.
Cota filme soci@:	3 euros
Bono Lumière 5 filmes:	13 euros (só soci@s)
Cota filme colaborador@:	4 euros
PARAD@S, con carné:	3 euros